

ÍNDICE

1.	Presentación do centro	2
2.	Política de calidade do centro	15
3.	Estrutura para o desenvolvemento do SGIC.....	17
4.	Mapa de procesos	24
5.	Indicadores.....	27
6.	Evidencias do sistema de calidade.....	31

1. PRESENTACIÓN DO CENTRO

1.1. OBXECTO

Este capítulo ten por obxecto que a Facultade de Ciencias da Educación expoña aspectos tales como os estudos que atende, situación dentro da USC, estrutura organizativa, persoal académico e de apoio, regulamentos e normas e outros que resulten de interese a efectos da súa identificación para a implantación do seu SGIC.

1.2. DESENVOLVEMENTO

1.2.1 PRESENTACIÓN (BREVE DESCRIPCIÓN DO CENTRO, INDICANDO A SÚA ORIXE, FEITOS HISTÓRICOS E TÍTULOS QUE IMPARTE)

Na actualidade na Facultade de Ciencias da Educación impártense os seguintes títulos de grao: Educación Social, Pedagogía, Mestre/a en Educación Primaria e Mestre/a en Educación Infantil. Tamén a Licenciatura de Psicopedagogía que non está aínda adaptada ás directrices do Espazo Europeo de Educación Superior.

As dúas primeiras titulacións implantáronse no curso 2009/10 e as dúas últimas no curso 2010/2011.

A continuación preséntase unha breve recensión histórica das titulacións do Centro. Os estudos vinculados ao ámbito da Educación, en concreto, os de Maxisterio, gozan dunha tradición en Galicia, que se remontan ao 20 de novembro de 1842, cando tivo lugar a creación da Escola Normal de Mestres de Lugo.

Posteriormente co Real Decreto do 30 de marzo de 1849 establécense Escolas Normais Superiores nas capitais de Distritos Universitarios. Nace, así, a Escola Normal Superior de Mestres da Universidade de Santiago de Compostela, antecedente da actual Facultade de Ciencias da Educación. Situouse no edificio do antigo Colexio de San Xerome. A Escola Normal de Mestres creouse en Santiago, en virtude da Real Orde de 6 de decembro de 1930.

Coa Lei Xeral de Educación (1970), produciuse a integración das Escolas Normais na Universidade. Nacía, así, a Escola Universitaria de Formación de Profesorado de E.G.B de Santiago de Compostela.

No curso 1973-74 recoñecíanse as ensinanzas de Filosofía e Ciencias da Educación na Universidade compostelá. Pouco despois, en 1975, creábase a Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, na que se integraron as Seccións de Filosofía, Pedagogía e Psicoloxía. Da segregación da anterior Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación xurdiron novas Facultades.

Polo Decreto 384/1996, do 17 de outubro (DOG, do 5 de novembro) a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EGB no Campus de Santiago suprimíase como tal e quedaba integrada na estrutura propia da nova Facultade de Ciencias da Educación. Continuou, non obstante, ata a actualidade a problemática dende o punto de vista físico: Campus Norte, para os títulos de Mestre/a e Campus Vida, para o resto das titulacións. A integración nun edificio único, que supere as limitacións actuais, preséntase como un reto importante para a impartición dos novos graos.

O actual título de grao de Mestre/a en Educación Primaria engloba as anteriores Diplomaturas de Mestre, especialidade en Educación Primaria, en Lingua Estranxeira e en Educación Musical dos plans de estudo do 2000 (BOE 4 e 5 de decembro de 2000), en extinción dende o curso 2010/2011. O Grao de Mestre/a en Educación Infantil substitúe á Diplomatura de Mestre, especialidade en Educación Infantil do plan do 2000 (BOE do 5 de decembro de 2000).

A Licenciatura de Pedagogía créase na USC en 1973 dentro da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, sendo a única Universidade galega que imparte o devandito título. A titulación de Grao en Pedagogía (BOE 5 de marzo de 2010) substitúe á Licenciatura de Pedagogía do plan do 2001 (BOE 24 de agosto de 2001), que consideraba as orientacións de "Pedagogía escolar: formación docente e dirección de centros educativos" e "Pedagogía social e laboral", que se encontra en proceso de extinción dende o curso 2009/2010.

A titulación de Educación Social é relativamente recente (Real Decreto 1420/1991 do 30 de agosto, BOE do 10 de outubro de 1991). Se nos centramos na Universidade de Santiago de Compostela, o precedente deste título sitúase no curso 1982/83 coa incorporación da especialidade de "Intervención socioeducativa" no plan de estudos da Licenciatura de

Pedagogía. A implantación da Diplomatura de Educación Social sucede no curso 1994/95, e continúa ata o plan do 2001 (BOE do 24 de agosto de 2001) coas orientacións de "Animación sociocultural e desenvolvemento sociocomunitario", "Educación de adultos" e "Inadaptación e marxinación social". A súa extinción comeza no curso 2009/10 como consecuencia da implantación do Grao en Educación Social (BOE 5 de marzo de 2010). Ademais destas titulacións, na Facultade impártense cinco másteres: Investigación en Didáctica das Ciencias Experimentais e da Matemática (implantado no curso 2009/10), Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario (implantado non curso 2008/2009), Procesos de Formación (implantado no curso 2009/10), Educación, Xénero e igualdade (implantado no curso 2007/08) e Máster Universitario de Profesorado de Educación Secundaria (implantado no 2009/10).

1.2.2 ORGANIGRAMA

Equipo Decanal integrado por:

- O/A decano/a
- O/A vicedecano/a (ou Vicedecanos/as)
- O/A secretario/a

Os elixibles para estes cargos veñen especificados nos Estatutos da USC (Arts.102, 104, 105).

O/A decano/a representa á Facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos. O/A decano/a ten as competencias que lle atribúen os Estatutos da Universidade. (Art.103). Os vicedecanos serán nomeados polo reitor/a por proposta do decano/a, entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 72 dos Estatutos da USC.

Corresponde aos vicedecanos/ás coordinar ou dirixir, baixo a autoridade do decano/a, as áreas de competencia que este lles asigne, sen prexuízo de que as funcións técnicas ou administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos.

Se houberse varios vicedecanatos, o decano/a designará ao seu substituto para os casos de ausencia, enfermidade ou imperativo regulamentario.

O/A secretario/a da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas funcións que lle encomende o decano/a ou que lle encomende a lexislación vixente, os estatutos da USC ou o regulamento da Facultade de Ciencias da Educación

1.2.3 ÓRGANOS DE GOBERNO. COMISIÓNS. DEPARTAMENTOS IMPLICADOS NA DOCENCIA

Os órganos de goberno e administración da Facultade de Ciencias da Educación son:

1. A Xunta de Facultade.
2. O/a decano/a, o/a vicedecano/a (ou vicedecanos/ás) e o/a secretario/a.

A Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do Centro e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

A Xunta de Facultade actuará en pleno ou en Comisión Permanente. Tamén poderá dotarse de Comisións Delegadas, estables ou conxunturais, que a asesoren e a asistan nas súas funcións.

1. A composición do Pleno da Xunta de Facultade, establecida no art.º 98 dos Estatutos da USC, é a seguinte:

- a) O/a decano/a, que a presidirá e a convocará.
- b) O/a vicedecano/a ou vicedecanos/ás.
- c) O/a secretario/a, que o será tamén da Xunta.
- d) O persoal docente e investigador e investigadores en formación con docencia no centro e censado nel, ou non censado que teña neste un encargo de docencia igual ou superior a nove créditos, distribuído do seguinte xeito:

- Todo o persoal funcionario docente que representará o 51% da Xunta de Facultade
- O persoal docente e investigador a tempo parcial, que representará o 5%
- O resto do persoal docente e investigador ou investigadores en formación (profesorado axudante doutor, profesorado colaborador, profesorado contratado doutor, profesorado asociado e visitante) que representará o 9%

e) Unha representación do estudiantado do 30% da que o 25% será do 1º e 2º ciclo e o 5% do 3º ciclo.

f) Unha representación do persoal de administración e servizos censados no centro, nunha proporción do 5% do total da Xunta e cun mínimo de dous.

Todos os representantes elixidos serano cada dous anos polos mesmos sectores aos que representan, agás os estudantes, que o serán cada ano. Non obstante o anterior, cando o persoal docente e investigador non funcionario non exceda do 14%, formará parte da Xunta sen necesidade de elección. En caso de exceder desa porcentaxe, se o persoal docente e investigador non funcionario a tempo completo non excede do 9% formará parte da Xunta sen necesidade de elección e igualmente o persoal docente e investigador a tempo parcial se non excede do 5%.

A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se elixiu. Nese caso o seu posto será ocupado, ata o final do período, por quen obtivera máis votos no mesmo sector ou subsector, sempre que cumpra os requisitos, pola contra permanecerá vacante ata que se celebren novas eleccións.

Competencias do Pleno da Xunta de Facultade

Son competencias do Pleno da Xunta de Facultade, de acordo cos artigos 101 e 102 dos Estatutos da Universidade, as seguintes:

- a) A elección do Decano ou Decana, de entre os profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios censados na Facultade, e se é o caso, a súa revogación.
- b) A elaboración e á aprobación do seu Regulamento de Réxime Interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións radicadas

no centro, conforme coa lexislación vixente e coas normas xerais emanadas do claustro universitario.

e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións, a creación de Escolas de Especialización Profesional dependentes do centro e a organización de cursos e estudos de postgrao.

f) A organización de servizos docentes para a obtención de títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.

g) A programación dos servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.

h) A distribución das asignacións presupostarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.

i) O informe sobre as propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.

l) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.

m) A manifestación da súa opinión sobre calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.

n) A creación de cantas Comisións Delegadas considere oportunas.

o) O pronunciamento sobre aqueles asuntos que lle sexan sometidos polo Decanato ou a Comisión Permanente.

p) A emisión de informes sobre o cumprimento das obrigas docentes do profesorado cando sexan solicitadas para o recoñecemento dos quinquenios docentes.

q) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da Universidade.

Comisión Permanente

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade estará integrada por:

- a) O Decano ou Decana.
- b) Os Vicedecanos ou Vicedecanas.
- c) O Secretario ou Secretaria, que o será tamén da Comisión Permanente.
- d) Unha representación proporcional dos distintos sectores integrantes da Xunta, non podendo exceder o número total dos seus membros dun terzo dos membros da Xunta de Facultade.

A representación dos distintos sectores será o 51% en representación do Persoal docente e investigador funcionario; o 5% do persoal docente e investigador a tempo parcial; o 9% do resto do Persoal docente e investigador e investigadores en formación;

o 25% en representación dos estudantes de 1º e 2º ciclo; o 5% en representación dos estudantes de 3º ciclo e o 5% en representación do Persoal de Administración e Servizos.

A Comisión Permanente será elixida entre os membros da Xunta de Facultade. Todos os representantes na Comisión Permanente serán elixidos polos mesmos sectores aos que representan. O período no que desempeñarán o seu posto será o mesmo que o establecido para ser membro do Pleno da Xunta de Facultade

A Comisión Permanente é competente para:

Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.

Coñecer e adoptar acordos sobre calquera asunto que, sendo competencia da Xunta e non estando reservado expresamente ao Pleno, lle fose delegado por este.

Asesorar en toda as cuestións que o Decano ou Decana lle someta no exercicio das súas competencias.

Coñecer e decidir sobre os asuntos que lle sexan presentados polas Comisións Delegadas e eleválos, se é o caso, ao Pleno.

En canto o Pleno da Xunta de Facultade non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente, agás as que se mencionan nas letras a), b), c), d), e), h), n) e ou) do art.º 9 deste Regulamento, que establece as competencias da Xunta de Facultade e que non se poderá delegar.

O Decano ou Decana da Facultade informará ao Pleno da Xunta de Facultade na primeira sesión que este celebre con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente, de todas as actuacións da Comisión.

A Comisión Permanente constituirase validamente en primeira convocatoria coa asistencia da metade dos seus membros, e en segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois, aínda que non se diga expresamente, coa presenza dun vinte por cento dos seus membros. En ambos os dous casos requirirase a presenza do Decano ou Decana e do Secretario ou Secretaria, ou, en se caso, dos que os substitúan.

A Comisión Permanente reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez cada dous meses, e con carácter extraordinario sempre que o Decano ou Decana o considere oportuno, ou a petición dun terzo dos membros da Comisión Permanente..

Comisións Delegadas

O Pleno da Xunta de Facultade creará Comisións Delegadas. A súa función é emitir informe, coordinar, estudar e elaborar propostas de carácter operativo sobre os asuntos que este regulamento ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden. Para o desempeño dos seus labores, as comisións contarán coa colaboración do persoal de Administración adscrito á Facultade.

As Comisións Delegadas poderán ser de carácter estable ou conxuntural. As Comisións de carácter estable serán renovadas cada vez que haxa eleccións ao Decanato. As Comisións de carácter estable serán a Académica; a de Asuntos Económicos, de Administración e Servizos; a de Validacións; a de Actividades Culturais; a de Coordinación do Practicum, e a de Normalización Lingüística. A Comisión de Biblioteca da Facultade rexerese polo Regulamento da Biblioteca Universitaria, segundo o art.º 150.3 dos Estatutos de Universidade de Santiago ao non se establecer unha regulación directa por este Regulamento.

Á marxe destas Comisións de carácter estable, o Pleno da Xunta de Facultade poderá decidir a creación de Comisións de carácter conxuntural para resolver sobre situacións puntuais ou asuntos concretos.

Os membros das Comisións Delegadas teñen que ser membros do Pleno da Xunta de Facultade. Non obstante, estas Comisións poden invitar a outras persoas a participar nelas, con voz pero sen voto, sempre que a decisión sexa adoptada maioritariamente.

Os membros das Comisións Delegadas serán elixidos por cada un dos sectores no Pleno da Xunta de Facultade. Ademais dos compoñentes especificados para cada caso, elixidos por sectores en listas abertas e votando como máximo dous terzos dos postos a cubrir, formará parte delas o Decano ou Decana - ou a persoa do equipo decanal en quen delegue- que será quen presida.

Cada Comisión elixirá o seu Secretario ou Secretaria.

Para a asistencia e participación nas Comisións Delegadas, todos os seus membros serán convocados por escrito cunha antelación de setenta e dúas horas, e nos casos de urxencia, apreciados polo seu Presidente ou Presidenta, cunha antelación de corenta e oito horas de acordo co establecido no artigo 11 deste Regulamento.

As Comisións Delegadas constituiranse en primeira convocatoria coa maioría dos seus membros e en segunda convocatoria, que será media hora máis tarde, coa presenza dun terzo dos seus membros.

As Comisións Delegadas adoptarán os seus acordos, informes, propostas e recomendacións por maioría simple, sendo preciso que en todo o momento da súa actuación exista o quorum sinalado no punto anterior.

Comisión académica

Estará composta polo Decano ou Decana -ou membro do equipo decanal en quen delegue-, seis membros do profesorado, catro do alumnado -un ou unha deles pertencente ao terceiro ciclo-, un membro do persoal de Administración e Servizos, e un ou unha do persoal investigador en formación.

Correspóndelle á Comisión Académica todo o relacionado co desenvolvemento da actividade docente e co coñecemento da actividade investigadora realizada polo profesorado e os departamentos adscritos ao Centro, salvo a resolución de validacións ou adaptacións de estudos.

En particular, informará sobre a reforma e seguimento dos plans de estudos, coñecerá e informará sobre calendarios de exames e horarios, coñecerá e informará sobre a programación das materias correspondentes ás titulacións radicadas no Centro, analizará e promoverá a mellora da calidade didáctica e desenvolverá aquelas outras funcións que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta.

O rendemento académico do estudiantado deberá de ser avaliado mediante criterios que figuren de modo explícito na programación de cada materia. Calquera alumno ou alumna ten dereito á revisión dos exames, tanto parciais coma finais na súa presenza e dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados seguindo o procedemento establecido no artigo 17 da "Normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento"

En canto ao estudo e resolución das reclamacións do alumnado sobre as cualificacións académicas, atenderase ao disposto no artigo 38 dos Estatutos da Universidade, na "Normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes" e na "Normativa para articular os procedementos extraordinarios de avaliación e a revisión das cualificacións", aprobadas polo Consello de Goberno da Universidade e as normas que poidan ser de aplicación no futuro.

Comisión de Validacións

A Comisión de Validacións estará integrada por catro profesores, o Decano ou persoa en quen delegue, o Secretario ou Secretaria do Centro, tres membros do alumnado, dos cales un será do Terceiro Ciclo, e un membro do persoal de administración e servizos, tendo como función a de propoñer e tramitar validacións, adaptacións ou recoñecemento de estudos.

Comisión de Asuntos Económicos e de Administración e Servizos

A Comisión de Asuntos Económicos e de Administración e Servizos estará composta polo Decano ou Decana ou membro do equipo decanal en quen delegue-, catro profesores ou profesoras, tres alumnos ou alumnas un ou unha do terceiro ciclo- e dous membros do persoal de Administración e Servizos.

A Comisión de Asuntos Económicos, de Administración e Servizos teñen como funcións:

- Informar o proxecto de presuposto elaborado polo equipo decanal antes do seu debate no Pleno da Xunta de Facultade.
- Propoñer a distribución das partidas de equipamento docente do Centro e de comunicacións.
- Propoñer a dotación de medios que cubran as necesidades de administración e servizos.
- Propoñer a distribución dos espazos dedicados á investigación, docencia e administración.
- Solicitar ás instancias oportunas a dotación de medios necesaria para o correcto desenvolvemento das funcións que ten asignadas a Facultade.
- Facer o seguimento do estado dos edificios e facer proposicións sobre a súa conservación e reparación, así como realizar cantos estudos lle sexan encargados polo Pleno da Xunta ou pola Comisión Permanente.

- Aquelas outras que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta.

Cando a Comisión estableza, entre os membros da Facultade, un prazo xeral de presentación de propostas de gasto ou de priorización de adquisicións, explicitar na convocatoria os criterios xerais que seguirá para a resolución das solicitudes presentadas.

Comisión de Actividades Culturais

A Comisión de Actividades Culturais estará integrada por catro membros do profesorado, catro do estudiantado, e un membro do PAS.

A Comisión ten por funcións:

- Encargarse da dinamización cultural da Facultade.
- Estudar e facer propostas sobre a organización daquelas actividades de carácter extracurricular que sexan de interese para o conxunto dos membros da Facultade.
- Colaborar nas actividades que organicen os Departamentos ou calquera outro membro ou colectivo da Facultade, despois da súa valoración.
- Facer propostas con respecto á repartición e xestionar a partida presupostaria anual de extensión universitaria da Facultade.
- Aquelas outras que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta.

Comisión de Coordinación do Prácticum

A Comisión de Coordinación do Practicum estará composta por un profesor ou profesora representante por cada unha das sete titulacións da Facultade, por tres estudantes, un bolseiro ou bolseira e un representante do PAS, sendo presidida polo Decano ou Decana ou persoa en quen delegue.

A Comisión terá como funcións a coordinación das planificacións desenvolvidas e executadas polas respectivas Comisións de Practicum conforme coas diversas titulacións, así coma o seguimento e avaliación do conxunto dos procesos. Para tales efectos elaborará e propoñerá orientacións de carácter xeral ao Pleno da Xunta de Facultade para a súa aprobación.

Comisión de Normalización Lingüística

A Comisión de Normalización Lingüística estará composta por catro membros do profesorado, tres do estudiantado, un representante dos investigadores en formación e un membro do PAS, sendo presidida polo Decano ou Decana ou persoa en quen delegue. A Comisión terá como función a de promover, analizar e informar en todo o relacionado coa normalización da cultura e lingua galega na vida académica, administrativa e convivencial da Facultade, procurando que o galego sexa a lingua normal de comunicación.

Comisión da Biblioteca

A Comisión da Biblioteca estará formada segundo o establecido no Regulamento da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago. A representación do profesorado establécese do seguinte modo:

Un ou unha representante por cada un dos Departamentos con actividade docente de carácter troncal nas titulacións que imparte o Centro e dous representantes do resto dos Departamentos que impartan docencia nas distintas titulacións, sempre que, en todos os casos, formen parte da Xunta do Centro.

A Comisión da Biblioteca terá as funcións establecidas no Regulamento da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago.

1.2.4 REGULAMENTOS E NORMAS

- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Educación (aprobado pola Xunta de Facultade o 16 de decembro de 2004 e ratificado polo Consello de Goberno da Universidade o 17 de febreiro de 2005). Dispoñible no apartado "Normativa" na dirección web: http://www.usc.es/cc_educacion

- Actas cos acordos da Xunta de Facultade e das distintas comisións delegadas. Dispoñibles na Secretaría da Facultade de Ciencias da Educación

- Memorias dos graos de Mestre/a en Educación Infantil, Mestre/a en Educación Primaria, Educación Social e Pedagogía

- Memorias dos másteres do Centro no apartado 2.4.1

1.2.5 DATOS DE IDENTIFICACIÓN

RAZÓN SOCIAL	Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela
DOMICILIO SOCIAL:	Rúa Profesor Vicente Fraiz Andón. Campus Vida. 15782 Santiago de Compostela
C. I. F. (DA USC)	Q1518001A
E-MAIL	zedudeca@usc.es
TELÉFONO	+34881813879
TELEFAX	+34981547091

2. POLÍTICA DE CALIDADE DO CENTRO

A Facultade de Ciencias da Educación desenvolve a súa política de calidade a través do seu plan estratéxico, a súa programación plurianual e o plan anual de melloras, que se elaborarán e aprobarán de acordo co establecido no proceso *PE-01, Política e Obxectivos de Calidade do centro*.

A Facultade de Ciencias da Educación é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico e o Plan de Calidade) a Facultade elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Esta Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garanten a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dan resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garanten as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que rende contas do investimento e optimización dos seus recursos.

Esta Facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, esta Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

- Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- Integración, participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumno: esta Facultade garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.
- Excelencia: o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.
- Transparencia: Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

O Decanato da Facultade de Ciencias da Educación adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a Decano/a subscribe este documento de política de calidade o día 18 de decembro de 2013.

Asdo. R. Lois Ferradás Blanco

Decano da Facultade de Ciencias da Educación

3. ESTRUTURA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SGIC

3.1. OBXECTO

O obxecto deste capítulo é indicar a estrutura que a Facultade de Ciencias da Educación estableceu para lograr o desenvolvemento e cumprimento dos obxectivos marcados no seu Sistema de Garantía Interna da Calidade.

3.2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Todas as titulacións que se imparten no centro e todas as persoas (docentes e de apoio) do mesmo.

3.3. DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA

- Normativa xeral estatal, autonómica e da USC.
- Manual do SGIC e procesos asociados.

3.4. DESENVOLVEMENTO

3.4.1. EQUIPO DE DIRECCIÓN

O Equipo de Dirección (ED) do Centro, e en particular o seu Decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á Dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGIC, as funcións principais son as seguintes:

- Asinar e difundir a política e obxectivos de calidade do Centro.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGIC do Centro.
- Nomear ao Responsable de Calidade do Centro, sempre que o considere oportuno.

- Propoñer á Xunta de Facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das Comisións das titulacións de grao.
- Garantir o bo funcionamento do SGIC do Centro.
- Informar a todo o persoal do Centro do SGIC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todo o persoal do Centro teña acceso aos documentos do SGIC que lles sexan de aplicación.
- Informar á Xunta de Centro dos traballos e acordos da Comisión de Calidade.
- Presentar á Xunta de Centro, para a súa aprobación, a Memoria de Calidade do centro (Informe de seguimento do SGIC, proposta do Plan de melloras anual do centro e Informes de seguimento dos Títulos).

3.4.2. COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO (CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

MEMBROS DA CCC

Decano/a do Centro (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Coordinadores/as de Títulos de Grao e Máster

1 Representante por cada un dos Departamentos da Facultade de Ciencias da Educación

1 membro do PAS (Xestor/a da Facultade de Ciencias da Educación)

1 alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a)

Outros membros que o Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación considere oportuno propoñer á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC

A CCC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, levantará acta de cada unha das sesións e fará públicas as análises e as decisións tomadas no seo desta.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
 - Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
 - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
 - Informes de seguimento dos Títulos.

3.4.3. RESPONSABLE DE CALIDADE DO CENTRO (RCC)

O Decano/a da Facultade asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/a Responsable de Calidade do Centro (RCC) entre os membros do equipo de Dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á Comisión/é de Título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGIC no Centro.
- Ser o interlocutor/a coa Área de Calidade e mellora dos procedementos da Vicerreitoría con competencias en calidade e planificación.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola Vicerreitoría de Calidade para implantar os axustes e melloras do SGIC nos Centros aprobados pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno.
- Dirixir a elaboración da Memoria de Calidade do Centro.

3.4.4 COMISIÓN/S DE TÍTULO/S

Cando se considere necesario, para os graos, e en todo caso, para os másteres, o Centro creará unha Comisión de Título. Formarán parte dela, o Decano/a ou Director/a, o/a Responsable de Calidade do Centro, o/a Coordinador/a do Título, así como outros membros que propoña o Decano/a, no caso de Comisión de Título de Grao, ou o Coordinador/a de Título, no caso de Comisión de Título de Máster.

Establécense varias Comisións de. Títulos. Unha Comisión por cada un dos Títulos de Grao da Facultade e unha Comisión por cada un dos Títulos de Máster, coa seguinte composición e funcións.

COMISIONS DE GRAO

1. Comisión do Grao de Educación Social

- Membros:
 - Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación
 - Responsable de Calidade do Centro (RCC)
 - Coordinador/a da Titulación
 - Coordinador/a de cada un dos catro cursos do Grao
 - Outros membros que o decano/a considere oportuno propoñer a Xunta de

Centro para o bo funcionamento do SGIC

2. Comisión do Grao de Pedagogía

- Membros:
 - Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación
 - Responsable de Calidade do Centro (RCC)
 - Coordinador/a da Titulación
 - Coordinador/a de cada un dos catro cursos do Grao
 - Outros membros que o decano/a considere oportuno propoñer a Xunta de Centro

para o bo funcionamento do SGIC

3. Comisión do Grao de Mestre en Educación Infantil

- Membros:

- Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación
- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Coordinador/a da Titulación
- Coordinador/a de cada un dos catro cursos do Grao
- Outros membros que o decano/a considere oportuno propoñer a Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC

4. Comisión do Grao de Educación Primaria

- **Membros:**
 - Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación
 - Responsable de Calidade do Centro (RCC)
 - Coordinador/a da Titulación
 - Coordinador/a de cada un dos catro cursos do Grao
 - Outros membros que o decano/a considere oportuno propoñer a Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC

COMISIONS DE MÁSTER:

1. Máster de Investigación Didáctica das Ciencias Experimentais e da Matemática:

- **Membros:**
 - Decano da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Xestora Académica da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Profesores/profesoras (7)
 - Estudantes. (2)

2. Máster en Procesos de Formación.

- **Membros:**
 - Decano da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Xestora Académica da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Profesores/profesoras (10)
 - Estudantes (2)

3. Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario:

- . Membros:
 - Decano da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Xestora Académica da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Profesores/ás (4)
 - Estudantes (2)

4. Máster de Formación do Profesorado de Educación Secundaria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanzas de Idiomas:

- . Membros:
 - Presidente e Decano da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Coordinador.
 - Coordinador para o Campus de Lugo.
 - Director da E.U. da Formación Do Profesorado de Lugo.
 - Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da E.U. de Formación do Profesorado de Lugo.
 - Profesorado (13)
 - Estudantes (3)

5. Máster Universitario en Educación, Xénero e Igualdade.

- . Membros:
 - Decano da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Xestora Académica da Facultade de Ciencias da Educación.
 - Profesores/ás (7)
 - Estudianes (2)

MEMBROS DA COMISIÓN DE TÍTULO

Decano/a ou Director/a

Coordinador/a de Título (CT)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

MEMBROS DA COMISIÓN DE TÍTULO

Outros membros que propoña o Decano/a ou Director/a de Centro (grao) ou Coordinador/a de Título (máster)

Entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e RCC para levar a cabo o seguimento do Título.

Realizar un informe dos resultados do título e as propostas de mellora (Informe de seguimento do Título) e, cando sexa necesario, facer proposta de modificación ou suspensión deste.

3.4.5 COORDINADOR/A DE TÍTULO (CT)

Será responsable da Comisión do Título. Entre as súas funcións en relación co SGIC cabe destacar as seguintes:

- Velar para que os procedementos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGIC.
- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento do/os título/s de máster, informándoa das actuacións da Comisión de Título: seguimento do Título, valoración da súa eficacia e proposta do plan de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a Comisión de Calidade do Centro/Comisión Título poida realizar as diferentes análises de seguimento do título, establecer plans de mellora ou de modificación do Título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas.

4. MAPA DE PROCESOS

O SGIC concrétese nos 22 procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco, sen variacións adoptadas no centro. O desenvolvemento de cada proceso/procedemento contense no manual de procesos do SGIC marco da Universidade así como na aplicación informática de soporte ao Sistema de garantía de calidade do Centro.

Os procesos e, os procedementos máis importantes asociados a eles, son os seguintes:

DE PLANIFICACIÓN

PE-01 Política e obxectivos de calidade do centro

PE-02 Creación do Comité Consultivo e canalización da súa actuación

DE DESEÑO E REVISIÓN DA OFERTA

PC-01G Deseño da oferta académica de Graos

PC-01M Deseño da oferta académica de Máster

PC-02 Revisión da oferta

PC-03 Supresión dun título

DE PLANIFICACIÓN DAS ENSIANZAS

PC-04 Planificación das ensinanzas

P01-PC-04 Elaboración PDA do centro

P02-PC-04 Elaboración de horarios e calendarios de exames

P03-PC-04 Elaboración e aprobación do POD dos departamentos

P04-PC-04 Programación das materias

DE ACCIÓN DOCENTE

PC-05 Captación de estudantes

PC-06 Titoría e orientación ao estudante

PC-07 Coordinación da actividade docente

PC-08 Programas de mobilidade de estudantes

PC-09 Xestión de prácticas externas

PC-10 Realización traballo fin de Grao/Máster

PC-11 Avaliación do aprendizaxe

P01-PS-01 Procedemento para a avaliación da actividade docente

DE XESTIÓN DE RECURSOS DE APOIO

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais

PS-03 Xestión dos servizos

PS-04 Control dos documentos e dos rexistros

DE MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA

PM-01 Medición, análise e mellora

S01-PM-01 Seguimento e acreditación do título

PM-02 Medición da satisfacción dos grupos de interese


P01-PM-02 Procedemento para a medición da satisfacción dos estudantes coa docencia

PM-03 Xestión das incidencias (SQR)

DE INFORMACIÓN PÚBLICA

PC-12 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGIC e as súas relacións:



O centro poderá engadir procesos/procedementos aos definidos no SGIC-marco, que terá que documentar e manter actualizados.

5. INDICADORES

O SGIC marco define os seguintes 54 indicadores, cuxos datos serán subministrados polos servizos centrais da Universidade:

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	TIPO	CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
P01-PC-04	Elaboración do plan docente anual do centro	PROPIO	IOA-02-5	Porcentaxe de modificacións do PDA por causas non axustadas a criterio	CENTRO
PC-05	Captación de estudantes na USC	PROPIO	IN01-PC-05	Prazas ofertadas	TÍTULO
		PROPIO	IN02-PC-05	Matrícula	TÍTULO
		PROPIO	IN03-PC-05	Matrícula de novo ingreso	TÍTULO
		FIDES	IN04-PC-05	Variación da matrícula de novo ingreso	TÍTULO
		FIDES	IN05-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación menor a seis	TÍTULO
		PROPIO	IN06-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	TÍTULO
		FIDES	IN07-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	TÍTULO
		PROPIO	IN08-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	TÍTULO
		PROPIO	IN09-PC-05	Porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados	TÍTULO
		FIDES	IN10-PC-05	Relación de estudantes preinscritos sobre as prazas ofertadas (Grao)	TÍTULO
		FIDES	IN11-PC-05	Relación de estudantes solicitantes sobre as prazas ofertadas (Máster)	TÍTULO
		PROPIO	IN12-PC-05	Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas	TÍTULO
		PROPIO	IN13-PC-05	Porcentaxe de matriculados que son egresados da USC (Máster)	TÍTULO
		PROPIO	IN14-PC-05	Nº de matriculados en posgraos no centro/Nº de graduados do centro (Máster)	CENTRO

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	TIPO	CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
PC-08	Xestión da mobilidade	PROPIO	IN15-PC-08	Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade	TÍTULO-CENTRO
		FIDES	IN16-PC-08	Alumnos/as enviados desde a USC a outras universidades dentro dos programas Sócrates-Erasmus, Séneca e SICUE e outros convenios	TITULO-CENTRO
		FIDES	IN17-PC-08	Alumnos/as recibidos na USC procedentes de outras universidades dentro dos programas Sócrates-Erasmus, Séneca e SICUE e outros convenios	TITULO-CENTRO
PC-09	Xestión de prácticas externas	PROPIO	IN18-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	TITULO-CENTRO
		PROPIO	IN19-PC-09	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	TITULO-CENTRO
		PROPIO	IN20-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	TITULO-CENTRO
		FIDES	IN21-PC-09	Estudiantes egresados do título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados dese título no mesmo curso académico.	TITULO-CENTRO
PC-11	Avaliación da aprendizaxe	PROPIO	IXA-04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	TITULO-CENTRO
PC-12	Información pública	PROPIO	IN22-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	CENTRO-USC
PS-01	Xestión dos recursos humanos	FIDES	IN23-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI con quinquenios	TITULO
		PROPIO	IN24-PS-01	Nº PDI doutor/Nº PDI total	TITULO
		FIDES	IN25-PS-01	Relación porcentual entre o número total de PDI funcionario sobre o total de PDI	TITULO
		PROPIO	IN26-PS-01	Porcentaxe de PDI avaliado con resultado satisfactorio (DOCENTIA)	TITULO
		PROPIO	IN27-PS-01	Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas	USC

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	TIPO	CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
		PROPIO	IN28-PS-01	Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas	USC
		PROPIO	IN29-PS-01	Estudantes por profesor	TÍTULO
		FIDES	IN30-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	TITULO
		FIDES	IN31-PS-01	Media de alumnos por grupo de práctica	TITULO
		PROPIO	IN32-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia"	CENTRO
		FIDES	IN33-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia" por estudante equivalente a TC	CENTRO
		PROPIO	IN34-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia"	CENTRO
		FIDES	IN35-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia" por estudante equivalente a TC	CENTRO
		FIDES	IN36-PS-02	Fondos bibliográficos	CENTRO-CAMPUS-USC
		FIDES	IN37-PS-02	Dispoñibilidade de postos de lectura en biblioteca e por estudante equivalente a TC	CENTRO-CAMPUS-USC
		FIDES	IN38-PS-02	Dispoñibilidade de bibliografía e fontes de información	TITULO
PS-03	Xestión dos servizos	PROPIO	IN39-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	CENTRO-USC
		FIDES	IN40-S01-PM-01	Taxa de rendemento	TITULO-NIVEL
		FIDES	IN41-S01-PM-01	Taxa de éxito	TITULO-NIVEL
		PROPIO	IN42-S01-PM-01	Taxa de avaliación	TITULO-NIVEL
		FIDES	IN43-S01-PM-01	Taxa de graduación	TITULO
		FIDES	IN44-S01-PM-01	Duración media dos estudos	TITULO
		PROPIO	IN45-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	TITULO
		FIDES	IN46-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso	TITULO
		PROPIO	IN47-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	TITULO
		FIDES	IN48-S01-PM-01	Resultados do informe ou enquisa sobre a adquisición de competencias e cumprimento de obxectivos do plan	TITULO
		PROPIO	IN49-S01-PM-01	Inserción laboral (indicador	TITULO

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	TIPO	CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
				externo proporcionado por ACSUG)	
		PROPIO	IN50-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	TITULO
		PROPIO	IN51-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	TITULO
PM-02	Medición da satisfacción dos grupos de interese	PROPIO	IN52-PM-02	Taxa de resposta nas medicións realizadas (egresados, alumnado coa docencia recibida, profesorado coa docencia impartida, prácticas externas, mobilidade)	TITULO-CENTRO-USC

(O centro poderá establecer indicadores adicionais, en relación cos cales haberá de responsabilizarse da obtención dos datos e do seu tratamento.)

6. EVIDENCIAS DO SISTEMA DE CALIDADE

O SGIC marco establece, en relación con cada proceso, as evidencias requiridas. En moitos casos, tales evidencias son as que se derivan da xestión. A continuación recóllense aquelas evidencias que son especificamente requiridas pola implantación do SGIC, para as cales se indica o formato ao que han de axustarse

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	EVIDENCIA	FORMATO
PE-01	Determinación da política e os obxectivos de calidade do centro	Compromiso de calidade	F00-PE-01 Compromiso de calidade
		Plan estratéxico do centro	F01-PE-01 Plan estratéxico do centro
		Programación Plurianual do centro	F02-PE-01 Programación Plurianual do centro
		Plan anual de melloras do centro	F03-PE-01 Plan anual de melloras do centro
PS-04	Control dos documentos e dos rexistros	Documentación xenérica do SGIC	F01-PS-04 Formato de proceso/procedemento F02-PS-04 Formato de manual do sistema
		Documentación específica do SGIC de centro	F03-PS-04 Formato de manual simplificado do SGIC
		Listado de documentación en vigor	F04-PS-04 Listado de documentación en vigor
PM-01	Medición, análise e mellora	Táboa de indicadores	F01-PM-01 Táboa de indicadores
		Informe de seguimento do SGIC/Resultados do sistema (Memoria de calidade do centro)	F02-PM-01 Informe de seguimento do SGIC/Resultados do sistema
		Proposta do Plan de melloras anual do centro (Memoria de calidade do centro)	F03-PE-01 Plan anual de melloras do centro
S01-PM-01	Seguimento/acreditación do título	Informe de seguimento do título (Memoria de calidade do centro)	Formato do Informe de seguimento do título proporcionado pola ACSUG

Historial de revisións		
Versión	Data	Modificación realizada
01	16/12/2013	Versión inicial adaptada do SIGC marco da USC